PARLAMENTO DE GALICIA

O presidente do Parlamento propón a Núñez Feijóo como candidato á Presidencia da Xunta

- **Santalices Vieira traslada a Nuñez Feijóo o resultado da rolda de consultas mantida esta mañá cos representantes das forzas políticas parlamentarias**

- **O presidente do Parlamento comunica á Mesa e Xunta de Portavoces o calendario previsto para a investidura**

Santiago, 28 de outubro de 2016.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, proporá a Alberto Núñez Feijóo como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia no Pleno de investidura que se celebrará en datas próximas.

O presidente do Parlamento reuniuse esta mañá, por separado, cos portavoces dos catro grupos parlamentarios representados na Cámara galega, dando cumprimento ao artigo 136.1 do Regulamento da Cámara.

Rematada a rolda de consultas cos representantes dos grupos políticos, e oída a Mesa da Cámara, o presidente do Parlamento trasladou o resultado das conversas a Alberto Núñez Feijóo, que foi proposto candidato á Presidencia da Xunta de Galicia por ter asegurado o respaldo maioritario do Hemiciclo, cos votos dos 41 deputados do Grupo Parlamentario Popular.

Calendario

Paralelamente, o presidente do Parlamento comunicou á Mesa e Xunta de Portavoces o calendario previsto en relación coa investidura do presidente da Xunta de Galicia.

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.gal

Mércores, 2 novembro	Constitución das comisións
Venres, 4 novembro	**Mesa-Xunta de Portavoces, convocatoria Plenos investidura e apertura X Lexislatura**
Martes, 8 novembro	**Pleno de investidura** (exposición candidato)
Xoves, 10 novembro	**Debate e votación da investidura** (transcorridas 48h - art. 136.3º e 5º RPG)
Sábado, 12 de novembro	**Toma de posesión** (art. 19 Lei 1/1983)
Martes, 15 de novembro	**Sesión solemne de apertura da X lexislatura**

Este mesmo venres, constituiuse tamén a Xunta de Portavoces da X Lexislatura do Parlamento de Galicia, na que se formalizaron os trámites previos á constitución formal das comisións, prevista para o próximo mércores, 2 de novembro.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.gal